

**ÍNDICE PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ O ALLEAMENTO, MEDIANTE
COMPRAVENDA, DE BENS INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO
SOLO E BENS PATRIMONIAIS POR PROCEDEMENTO DE POXA**

1.- OBXECTO.

**2.- RÉXIME XURÍDICO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E FORMA DE
ADXUDICACIÓN.**

3.- PUBLICIDADE.

4.- CONDICIÓN S DOS BENS A ALLEAR.

5.- CONDICIÓN S ECONÓMICAS.

5.1. Importe de licitación, oferta e abono do prezo.

5.2. Gastos de formalización e tributos.

6.- GARANTÍA.

**7.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR, PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN S E
DOCUMENTACIÓN ESIXIDA.**

7.1. Capacidade para contratar.

7.2. Documentación.

7.2.1. *SOBRE 1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.*

7.2.2. *SOBRE 2. OFERTA ECONÓMICA.*

7.2.3. *PRAZO E LUGAR DE ENTREGA.*

8.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

8.1. Criterios de adxudicación.

8.2. Criterios de desempate.

9.- ÓRGANO E MESA DE CONTRATACIÓN.

10.- PROCEDEMENTO DE APERTURA DE PROPOSICIÓN S.

10.1. Cualificación da documentación xeral.

10.2. Apertura de proposición s admitidas.

11.- ADXUDICACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO CONTRATO.

11.1. Adxudicación.

11.2. Perfeccionamento do contrato.

- 12.- NOTIFICACIÓNS E PUBLICIDADE DA ADXUDICACIÓ.**
- 13.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**
- 14.- DEREITOS E OBRIGAS DA/S PERSOAS ADXUDICATARIA/S .**
- 15. - EXTINCIÓN DO CONTRATO E RENUNCIA.**
- 16.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.**
- 17.- XURISDICIÓN COMPETENTE.**
- 18.- PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

ANEXO I. DESCRICIÓN DOS BENS OBXECTO DE ALLEAMENTO

**ANEXO II. DECLARACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS,
LOTES E PRIORIDADES**

ANEXO III. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

ANEXO IV. AVAL BANCARIO

ANEXO V. MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ O ALLEAMENTO, MEDIANTE COMPRAVENDA, DE BENS INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO E BENS PATRIMONIAIS POR PROCEDIMENTO DE POXA

1.- O BXECTO.

O presente Prego de Condición s (en adiante, Prego de Condición s ou PC) ten por obxecto fixar o procedemento e as condición s para o alleamento polo Concello de Teo, mediante compravenda, por procedemento de poxa, das parcelas integrantes do patrimonio municipal do solo, procedentes da xestión urbanística, e das parcelas patrimoniais, non integradas no citado patrimonio, referidas no anexo I deste Prego cuxas características se detallan no citado anexo.

O presente Prego de Condición s e demais documentos anexos terán carácter contractual. O contrato axustarase ao contido do presente Prego de Condición s, que se considerará parte integrante do mesmo. En caso de contradición entre o Prego de Condición s e calquera outro documento contractual, prevalecerá o Prego de Condición s, no que se conteñen os dereitos e as obrigas que asumirán as partes do contrato.

A presentación de proposición s presume por parte da persoa licitadora a aceptación incondicionada das cláusulas do presente Prego e do resto de documentos contractuais, sen salvedade algunha, así como a declaración responsable da exactitude de todos os datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condición s esixidas para contratar coa Administración. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, cos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrución s, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que poidan ser aplicación do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O alleamento realizarase en concepto de “corpo certo”, polo que non caberá reclamación algunha por posibles variación s, en máis ou en menos, tanto na superficie como no volume edificable que puidera xurdir como consecuencia da aplicación das ordenanzas vixentes, nin como consecuencia das condición s xeolóxicas, topográficas,

arqueolóxicas ou calquera outra análoga que puidera encarecer ou limitar a construción.

A participación no procedemento supón que a persoa licitadora coñece e acepta a situación actual existente, física, xurídica e/ou construtiva das parcelas, así como a súa situación urbanística e as limitacións de uso e aproveitamento que estableza a normativa urbanística vixente. En consecuencia, as persoas licitadoras renuncian a calquera reclamación que, en caso de resultar adxudicatarias, puideran formular derivada daqueles conceptos.

Faise constar que as parcelas que integran os lotes 13 e 14, que se relacionan a continuación, non forma parte do Patrimonio Municipal do Solo do Concello de Teo e polo tanto o seu alleamento non queda sometido ás limitacións que para este tipo de solo establece a lexislación vixente. Deste xeito, tampouco quedan vinculados os ingresos obtidos polo alleamento destas parcelas aos destinos que para o PMS establece o artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en adiante, LSG).

Parcelas patrimoniais que non forman parte do PMS:

- Parcela nº 1288-1 do plano de concentración parcelaria de San Xoan de Calo. Referencia Catastral 15083D508012880000ML (lote 13).
- Parcela nº 243-1 do plano de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende. Referencia Catastral 15083B503002430000SP (lote 14).

As parcelas ás que se refire o presente poderán ser visitadas durante o prazo de presentación de proposicións, podendo así mesmo solicitar a información que se precise no departamento de urbanismo do Concello de Teo.

O expediente poderá ser examinado na Secretaría municipal, en horario de atención ao público, os días hábiles, a partir do primeiro día do prazo de presentación de proposicións.

2.- RÉXIME XURÍDICO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

2.1.- De acordo co previsto no artigo 134.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 331.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLSG) o alleamento dos bens do patrimonio público do solo realizarase por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, na forma establecida na lexislación reguladora dos patrimonios das administracións públicas. Non sendo básica, con carácter xeral, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e non incluíndo a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu ámbito de aplicación ás Entidades Locais, a normativa de aplicación sería o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL). Este regulamento, no seu artigo 112, remite á normativa de contratación das Corporacións Locais para rexer os alleamentos de bens patrimoniais, se ben o artigo 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, exclúe do seu ámbito de aplicación os negocios patrimoniais, cualificándoos de contratos privados, cuxo réxime xurídico se recolle no artigo 26.2 do citado texto legal. De acordo co exposto, e co artigo 110 da LPAP, o contrato ao que se refire o presente rexeráse, en primeiro lugar, polas cláusulas do presente Prego e, e en todo o non previsto no mesmo:

- a) En canto a súa preparación e adxudicación, pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e disposicións de desenvolvemento e, no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas.
- b) En canto os seus efectos e extinción pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio de Administracións Públicas e polas normas de dereito privado.

2.2.- De acordo co exposto e co artigo 112 do RBEL o alleamento ao que se refire o presente realizarase mediante poxa, que será única, considerándose cada un dos lotes relacionados no Anexo I como bens independentes, subscribíndose tantos contratos de compravenda como lotes se alleen.

3.- PUBLICIDADE.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo doutros medios de publicidade, farase pública na web municipal (www.teo.gal) a información relativa á presente contratación, sen prexuízo de que o Concello poderá darlle publicidade por outros medios que considere oportunos.

A convocatoria da poxa publicarase no BOP, no perfil do contratante, na web municipal, e no taboleiro municipal de anuncios.

Así mesmo, deberá darse cumprimento ao previsto no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

4.- CONDICIÓNS DOS BENS A ALLEAR.

O solo deberá ser destinado á finalidade prevista no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo (PXOM) e a urbanización, no seu caso, deberá efectuarse igualmente de acordo coas condicións do plan vixente. As parcelas están libres de cargas tal e como se recolle no Anexo I deste PC, no que se describen así mesmo as condicións urbanísticas das parcelas.

Na medida en que as parcelas que integran os lotes 13 e 14, que se relacionan na cláusula 1.1 do presente, non forman parte do Patrimonio Municipal do Solo do Concello de Teo, o seu alleamento non queda sometido ás limitacións que para este tipo de solo establece a lexislación vixente.

5.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

5.1. Importe de licitación, oferta e abono do prezo.

O importe de licitación ascende á contía establecida no Anexo I do PC para cada un dos lotes incluídos no procedemento. Dito importe establécese en función da valoración realizada das fincas rexistras polos servizos técnicos municipais do departamento de urbanismo e non inclúe os impostos que graven a transmisión. Ao devandito prezo engadiráselle o IVE aplicable no momento da adxudicación, que deberá satisfacer a persoa adxudicataria como cantidade adicional á súa oferta.

O prazo de vixencia das ofertas será de catro meses dende a data de apertura das ofertas económicas.

As ofertas económicas realizaranse á alza, sen que poidan ser inferiores ao orzamento base de cada un dos lotes, rexeitándose automaticamente pola mesa as ofertas á baixa. O prezo resultante abonarase na súa totalidade con anterioridade ao outorgamento da escritura pública de compravenda.

5.2. Gastos de formalización e tributos.

Os gastos que se orixinen como consecuencia da adxudicación do presente procedemento, así como os gastos notariais e rexistrais, e, en xeral, cantos deriven da completa regularización da nova situación xurídica, serán de conta da persoa adxudicataria, quen queda así mesmo obrigada ao pago dos tributos que graven os terreos a partir da data de adxudicación.

Serán de conta da persoa adxudicataria os gastos xudiciais e extraxudiciais a que dea lugar o incumprimento pola súa banda das condicións contidas no presente prego co carácter de condicións resolutorias da venda, incluídas as costas e honorarios de avogado e procurador.

6.- GARANTÍA.

De conformidade co artigo 137.6 da LPAP para tomar parte no procedemento a persoa licitadora deberá acreditar a constitución dunha garantía equivalente ao 5% do prezo de licitación, sen IVE, do lote para o que se presenta oferta na poxa, como garantía da seriedade das ofertas, da seguridade xurídica do procedemento e do cumprimento das obrigas incorporadas no presente, en particular do cumprimento da obriga de abonar o prezo e outorgar a escritura pública de compravenda, no caso de resultar adxudicataria. No caso de presentarse oferta a varios lotes, presentarase unha única garantía polo valor do 5% daquela que teña o prezo de licitación sen IVE máis alto. Se posteriormente se prevé a adxudicación de varias parcelas a unha mesma persoa, con carácter previo á adxudicación definitiva ingresarase unha garantía por cada lote que se lle vaia a adxudicar.

A garantía poderá prestarse nalgunha das formas establecidas no artigo 108.1 da LCSP, segundo se detalla a continuación:

- a) Na Tesourería do Concello de Teo cando se trate de garantías en efectivo. Neste caso, a persoa licitadora poñerase en contacto coa devandita área para coñecer o procedemento de depósito da garantía.
- b) Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avales ou de certificados de seguro de caución.

A citada garantía responderá do mantemento da oferta ata o outorgamento da escritura pública e será devolta ás persoas licitadoras segundo o establecido no presente Prego, podendo ser incautada nos casos previstos no mesmo.

De conformidade co disposto no último inciso do artigo 137.6 LPAP, a acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A garantía da/s persoa/s adxudicataria/s surtirá efectos ata o momento da formalización do contrato en escritura pública, polo que, se transcorrido o prazo establecido ao efecto non se levase a termo a compravenda por calquera causa imputable á persoa adxudicataria, o Concello recuperará automaticamente plenas facultades dispositivas sobre o/s inmovible/s e fará seu o importe da garantía depositada por aquela.

A garantía constituída en efectivo aplicarase ao pago do prezo venda (art. 137.6 LPAP).

A devolución de garantía non se producirá ata que se teña formalizado en escritura pública a compravenda da/s parcela/s correspondente/s, e realizarase mediante Decreto da Alcaldía, previo informe-proposta da Área de Contratación e informe de fiscalización da Intervención Municipal. Para as persoas licitadoras que non resulten propostas para a adxudicación, a devolución producirase unha vez se acorde a adxudicación da parcela á que licitan ou se declare deserto o procedemento.

7.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR, PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN ESIXIDA.

7.1. Capacidade para contratar.

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar de acordo coa normativa vixente, e non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar conforme á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por si ou por medio de representante debidamente autorizado. Non se admitirán ofertas presentadas por persoas interpostas ou vinculadas. Enténdese que existe vinculación nos termos previstos no artigo 18.2 da Lei do Imposto de Sociedades.

Cada persoa licitadora non poderá presentar máis dunha proposición por cada lote, nin subscribir ningunha proposición en UTE con outras empresas se o fixo individualmente, nin tampouco poderá figura en máis dunha Unión temporal de Empresas. A contravención destas advertencias dará lugar á desestimación de todas as presentadas.

7.2. Documentación.

As proposicións presentaranse, dentro do prazo habilitado ao efecto, en dous sobres pechados, de forma que garanta o segredo do seu contido, e asinados pola persoa licitadora ou persoa que a represente, identificados cos números 1 e 2, coa documentación que se indica na presente cláusula. No exterior dos sobres deberá indicarse, de forma lexible, o nome e apelidos da persoa licitadora (ou razón social) e, no seu caso, da persoa que o represente, o domicilio, teléfono e correo electrónico a efectos de notificacións. **En ningún dos dous sobres se expresará no exterior o/s lote/s ao/s que se licita.**

No interior de cada sobre farase constar, na primeira páxina e en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

A falta de presentación de calquera dos documentos esixidos para a licitación será, por si soa, causa de exclusión da poxa, agás que, de acordo co disposto no presente Prego de Condicións, se considere subsanable.

Toda a documentación deberá presentarse redactada en galego ou en castelán, a documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial a calquera das linguas citadas.

7.2.1. SOBRE 1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Presentarase na forma especificada na cláusula 7.2, engadindo a referencia “SOBRE 1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A POXA DE PARCELAS NO CONCELLO DE TEO”.

En dito sobre deberán incluírse obrigatoriamente, e na orde que aquí se sinala, os seguintes documentos:

1.- Documento acreditativo da personalidade e capacidade de obrar das persoas licitadoras.

1.1.- Persoa física: fotocopia do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento que o substitúa.

1.2.- Persoa xurídica: a capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial. Deberá así mesmo aportar documento acreditativo do Código de Identificación Fiscal e Documento Nacional de Identidade da persoa que presenta a proposición.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- No caso de que varias persoas licitadoras concorran conxuntamente, deberán presentar, todas e cada unha delas, os documentos esixidos na presente cláusula, ademais dun escrito de compromiso de compra en copropiedade, na que indicarán os nomes e circunstancias de todas elas, as porcentaxes de participación de cada unha na copropiedade e a designación dunha persoa representante ou apoderada única, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven. Os citados documentos deberán estar asinados pola persoas licitadoras ou os seus representantes, no caso de que concorran conxuntamente.

2.- Poderes. Cando a persoa licitadora non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

3.- Bastanteo de poderes. Os poderes a que se refire o apartado 2 da presente cláusula, deberán ser previamente bastanteados pola Secretaria da Corporación ou funcionaria/o habilitada/o ao efecto.

4.- Obrigas tributarias e coa seguridade social.

Certificacións acreditativas de que a persoa licitadora se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa CCAA de Galicia e co Concello de Teo e da Seguridade Social.

Sempre que sexa así autorizado pola persoa licitadora, no anexo II do presente, o feito de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Concello de Teo poderá ser verificado de oficio por este.

5.- Garantía.

Resgardo acreditativo de ter constituída a favor do Concello de Teo a garantía provisional polo valor do 5% do prezo de licitación sen IVE do lote para o que se presenta oferta na poxa, segundo o establecido na cláusula 6 do presente Prego.

A non constitución da garantía dentro do prazo, ou por un importe inferior ao establecido, será causa de exclusión automática da licitación, considerándose requisito non subsanable.

A constitución da garantía, mediante aval bancario ou seguro de caución, deberá axustarse aos modelos incorporado como anexo IV e V do presente.

6.- Anexo II do Prego de Condicións.

“Declaración sobre o cumprimento de requisitos previos, lotes e prioridades”, debidamente cuberto. No caso de presentación de ofertas a distintos lotes por unha mesma persoa licitadora, esta determinará a orde de prioridade para a súa adxudicación no anexo II do presente. **En ningún caso poderá incluír datos que poidan desvelar a oferta económica.**

7.- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

7.2.2. SOBRE 2. OFERTA ECONÓMICA.

O sobre 2 presentarase na forma especificada na cláusula 7.2, engadindo a referencia “SOBRE 2. OFERTA ECONÓMICA PARA A POXA DE PARCELAS NO CONCELLO DE TEO”.

Neste sobre incluírase a oferta económica conforme ao modelo incorporado ao presente Prego como anexo III debidamente cuberto.

A persoa interesada poderá incluír no anexo III a súa oferta para varias lotes. Neste caso, unha vez abertas as ofertas presentadas e ordenadas de maior a menor para cada un dos lotes, no caso de resultar proposta como adxudicataria unha mesma

persoa de varios lotes, requiriráselle para que ratifique a súa oferta a todas aquelas nas que sexa proposta como adxudicataria ou ben para que decida cales de aqueles quere finalmente adquirir, respectando a orde de prioridades establecida, renunciando polo tanto ao seu dereito sobre aqueles que decida rexeitar.

A oferta económica debe ser orixinal, non sendo admisible aquelas que non se presenten no sobre 2, as que teñan omisións, erros ou tachaduras ou outras correccións que impidan á Administración coñecer os aspectos fundamentais das mesmas, e as que non estean debidamente asinadas ou non alcance o prezo base de licitación.

Cando unha oferta comportase erro manifesto no seu importe, dita oferta será rexeitada se non permite determinar con carácter certo cal é o prezo realmente ofertado.

As ofertas terán un prazo de validez de catro (4) meses a contar dende a data de apertura das ofertas económicas. Durante dito prazo a persoa licitadora non poderá retirar a súa oferta e se o fixera deberá indemnizar de cantos danos e prexuízos se irrogaran ao Concello polo seu incumprimento, podendo este, en calquera caso, incautar a garantía presentada.

Porén, se transcorrera dito prazo sen que recaera a adxudicación, entenderase de forma tácita que a oferta estende a súa validez polo tempo que vai transcorrendo, se a persoa licitadora non a retira de forma expresa.

7.2.3. PRAZO E LUGAR DE ENTREGA.

Os sobres antes reseñados, deberán ser presentados no Rexistro Xeral do Concello de Teo, en horario de 9 a 14, ou en calquera outro Rexistro admitido polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O prazo de presentación será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia. Calquera oferta que se presente fóra deste prazo quedará excluída da poxa.

Se o último día do prazo coincidir en sábado ou inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Unha vez remitida ou entregada unha proposición non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

Cando a proposición se presente nun Rexistro diferente ao do Concello de Teo, haberá de comunicarse a este a presentación da mesma por correo electrónico (poxaparcels@teo.gal), achegando o xustificante de tela presentado en prazo, a efectos de permitir un control das ofertas presentadas e recibidas no Concello de Teo. Cando as proposicións se envíen por correo, a persoa licitadora deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta por correo electrónico (poxaparcels@teo.gal). Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibira con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. Porén, transcorridos 10 días naturais seguintes ao da terminación do prazo de presentación, sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

8.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

8.1. Criterios de adxudicación.

A adxudicación de cada lote efectuarase a favor da persoa licitadora que ofrecera o prezo máis alto. A oferta realizarase á alza sobre o prezo de licitación expresada cun máximo de dous decimais sen IVE. No caso de terse realizado por unha mesma persoa oferta a varias lotes, requiriráselle para que ratifique a súa oferta a todas aquelas nas que sexa proposta como adxudicataria ou ben para que decida cales de aqueles quere finalmente adquirir, respectando a orde de prioridades establecida, renunciando polo tanto ao seu dereito sobre aqueles que decida rexeitar, segundo o previsto na cláusula 10.2 do presente.

8.2. Criterios de desempate.

En caso de empate no importe máximo ofertado para un lote entre dúas ou máis persoas licitadoras, a adxudicación recaerá sobre a oferta que se presentara primeiro, atendendo á data e hora de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

9.- ÓRGANO E MESA DE CONTRATACIÓN.

9.1.- En virtude do establecido na disposición adicional segunda da LCSP o órgano de contratación é a Alcaldía, que actuará asistido pola Mesa de contratación coa composición que se indica a continuación.

9.2.- Aos efectos da cualificación e valoración das proposicións das persoas licitadoras, constituirase unha mesa de contratación coa seguinte composición:

Presidente:

D. Ignacio Igrexas Vilar, concelleiro delegado de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos.

Vogais:

D. Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo

D.^a Virginia Fraga Díaz, secretaria do Concello de Teo

D.^a Mónica I. Lado Varela, interventora do Concello de Teo

Secretaria:

D.^a María Elena Sueiro Fernández, adxunta á Secretaría do Concello de Teo, ou funcionaria/o nomeada/o ao efecto.

Suplencias: En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros da Mesa da contratación poderán ser substituídos polos seus suplentes. A estes efectos a secretaria e a interventora poderán ser substituídas polas persoas que as substitúan non exercicio das súas funcións. O concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, será substituído, no seu caso, pola concelleira de educación, cultura, lingua, mobilidade, comercio, turismo e emprego, D.^a María López Álvarez. A secretaria da mesa será substituída por Luis E. Papiri Villanueva, administrativo do Concello de Teo.

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a apertura e cualificación da documentación administrativa e a valoración das ofertas presentadas.

10.- PROCEDIMIENTO DE APERTURA DE PROPOSICIÓN.

10.1. Cualificación da documentación xeral.

Dentro dos dez días seguintes á conclusión do prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación reunirase e cualificará os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre 1, en sesión non pública. Se a Mesa observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicarao ás persoas licitadoras por medios electrónicos ou informáticos ou telemáticos, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou subsanen ante a Mesa de contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva da persoa licitadora que, no prazo concedido, non subsane a documentación.

Non obstante, non será obxecto de emenda en ningún caso a non constitución da garantía definitiva en prazo ou por importe inferior ao establecido, que deberá realizarse en data anterior á finalización do prazo de presentación de proposicións, supoñendo a falta deste requisito a exclusión do procedemento, sen posibilidade de subsanación.

Do actuado conforme a esta cláusula deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse ao efecto.

10.2. Apertura de proposicións admitidas.

Con carácter previo ao acto público de apertura das ofertas económicas, a Mesa de contratación adoptará o oportuno acordo sobre a admisión definitiva, no seu caso, das persoas licitadoras á vista das subsanacións realizadas.

O acto de apertura das ofertas económicas (sobre 2) terá lugar na Casa do Concello, será público e realizarase dentro dos 30 días seguintes ao do remate do prazo de presentación de proposicións. O día e a hora da súa celebración faranse públicos na web municipal e no perfil do contratante, cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao da súa celebración.

O acto de apertura das proposicións comezará dándose lectura do anuncio do contrato e procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas e a súa

confrontación cos certificados emitidos polas oficinas receptoras. Para o caso de discrepancias estarase ao disposto no artigo 83 do RXLCAP. Tras elo, darase coñecemento ao público do número de proposicións recibidas e do nome das persoas licitadoras, invitando ás persoas interesadas para que poidan comprobar que os sobres que conteñen as ofertas atópanse en iguais condicións nas que foron entregados.

A continuación o Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e da/s causa/s de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan ás proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase ás persoas licitadoras interesadas a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida a Mesa facerse cargo de documentos que non foran entregados durante o prazo de presentación de proposicións ou de corrección ou subsanación de defectos ou omisións a que se refire a cláusula 10.1.

A continuación procederase á apertura do sobre 2, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e darase lectura ás ofertas formuladas neles. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, non alcanzase o tipo de licitación mínimo, variara substancialmente o modelo establecido ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da persoa licitadora de que adolece de erro ou inconsistencia que o faga viable, será rexeitada motivadamente pola Mesa. Porén, o cambio ou omisión dalgunha palabra do modelo, sen alterar o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición (art. 84 RD1098). Aperturado o sobre 2, a mesa finalizará o acto público de apertura de proposicións, pasando a aplicar os criterios de adxudicación segundo o presente Prego de

Condicións e podendo solicitar os informes ou asesoramentos que teña por convenientes.

A Mesa avaliará as proposicións mediante os criterios de valoración que se recollen no presente Prego, e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación. A Mesa de contratación poderá non formular a proposta de adxudicación nese momento co obxecto de solicitar os informes ou asesoramentos que considere necesarios e que teñan relación co obxecto do contrato.

A proposta de adxudicación feita pola Mesa de contratación non creará ningún dereito en favor da persoa adxudicataria proposta fronte á Administración, namentres non se adxudique o contrato por acordo do órgano de contratación.

Á vista das ofertas económicas presentadas, a Mesa de contratación aplicará de ser o caso o criterio de desempate descrito na cláusula 8.2 deste Prego de Condicións, e realizará as seguintes actuacións:

- a) Clasificará en orde decrecente as ofertas presentadas para cada un dos lotes ofertados.
- b) No caso de que ningunha das persoas licitadoras resulte proposta para a adxudicación de máis dun lote, a Mesa de contratación remitirá a acta, coa clasificación das ofertas presentadas e a proposta definitiva de adxudicación, ao órgano de contratación.
- c) No caso de que algunha das persoas licitadoras resulte proposta para a adxudicación de máis dun lote, a Mesa de contratación remitirá a acta, coa clasificación das ofertas presentadas e a proposta provisional de adxudicación, ao órgano de contratación para que realice as actuacións referidas no parágrafo seguinte.

Considerando que as persoas licitadoras poderán incluír no anexo III a súa oferta para varias lotes e no caso de que algunha delas resulte proposta para a adxudicación de máis dun lote, recibida polo órgano de contratación a acta da Mesa de contratación, coa clasificación das ofertas e a proposta provisional de adxudicación, requiriralle para

que ratifique a súa oferta a todos aqueles lotes nos que sexa proposta como adxudicataria ou ben para que decida cales daqueles quere finalmente adquirir, respectando a orde de prioridades establecida, renunciando polo tanto ao seu dereito sobre aquel/es que decida rexeitar, conferíndoselle a tales efectos un prazo de 3 días hábiles. A falta de resposta dentro do prazo habilitado ao efecto, entenderase como a confirmación da súa intención de adquirir os lotes incluídos na súa oferta, para os que resultou provisionalmente proposta como adxudicataria. No caso de que finalmente a persoa licitadora optara expresamente por adquirir varias lotes, deberá presentar, xunto co escrito no que se manifieste tal opción, unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (sen IVE) de cada unha dos lotes a adquirir, salvo no de maior importe, para o que operará como garantía a presentada consonte ao apartado 6 deste Prego. De optar por non adquirir ningún dos lotes, será incautada a garantía depositada con carácter previo. No caso de que a persoa licitadora non responda ao requirimento efectuado polo órgano de contratación para a ratificación da súa oferta, entendéndose neste caso que se confirma a súa intención de adquirir os lotes incluídos na súa oferta para os que resultou proposta adxudicataria, se lle requirirá para que, no prazo de tres días, presente unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (sen IVE) de cada un dos lotes a adquirir, salvo no de maior importe, para o que operará como garantía a presentada consonte ao apartado 6 deste Prego. No caso de que, como consecuencia das actuacións realizadas, algunha das persoas licitadoras renuncie a algún dos lotes para os que resultou proposta provisionalmente como adxudicataria, o órgano de contratación reiterará as actuacións descritas se, á vista da clasificación realizada pola mesa de contratación, concorre a circunstancia de que a persoa licitadora de que se trate resulte provisionalmente proposta para a adxudicación de mais dun lote. Unha vez realizadas polo órgano de contratación as actuacións referidas, estas seranlle remitidas á Mesa de contratación para que realice a proposta definitiva de adxudicación.

En todo caso, no suposto de rexeitar a proposta de adxudicación en circunstancias diferentes ás descritas nesta cláusula, acordarase a incautación da garantía depositada con carácter previo.

11.- ADXUDICACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO CONTRATO.

11.1. Adxudicación.

De acordo co exposto na cláusula anterior, a Mesa de contratación remitirá a acta, coa clasificación das ofertas presentadas e a proposta definitiva de adxudicación, ao órgano de contratación.

O órgano de contratación adxudicará motivadamente o contrato no prazo máximo de 4 meses, a contar dende a apertura das ofertas económicas, notificándose ás persoas licitadoras e publicándose no BOP, no perfil do contratante, na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

De non ditar a adxudicación en dito prazo as persoas licitadoras admitidas terán dereito a retirar a súa proposición.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas coma as rexeitadas sen abrir, ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente.

Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición das persoas interesadas.

Coas excepcións previstas no presente, no caso de que a persoa adxudicataria renunciase á adxudicación, incautaráselle a garantía.

Para cada lote, a adxudicación realizarase á persoa licitadora que, reunindo as condicións deste Prego de Condicións, faga a mellor oferta económica, de acordo co previsto no presente.

A persoa licitadora que resulte adxudicataria efectuará o pago do prezo derivado deste contrato mediante o abono da liquidación (que acompañará á notificación de adxudicación), no prazo de 15 días hábiles a partir da recepción da mesma, e iso sempre con carácter previo á formalización da escritura pública de compravenda, á que se acompañará o xustificante do pago realizado en prazo. Previa solicitude motivada

poderá concederse unha prórroga máxima de 15 días do prazo sinalado. En ningún caso se admitirán fórmulas de pago aprazado ou fraccionamento do importe de adxudicación.

En caso de non efectuarse o pago na forma prevista no apartado anterior, o adxudicatario decaerá no seu dereito, e procederase á execución da garantía a favor do Concello.

No caso de que a adxudicación resultara fallida por non poder formalizar o contrato en escritura pública, por causa imputable á persoa adxudicataria, o procedemento quedará deserto respecto do/s lote/s en cuestión.

A Administración poderá suspender ou desistir do procedemento de venda cando desaparezan ou se modifiquen as razóns que xustificaron a súa iniciación ou sobreveñan outros motivos de interese público.

A desistencia por parte da Administración por este motivo non outorgará dereito algún ás persoas licitadoras que optaron á compra, se ben se procederá, no seu caso, á devolución das garantías constituídas.

11.2. Perfeccionamento do contrato.

O contrato perfeccionarase coa adxudicación e, en virtude dela, a persoa adxudicataria e a Corporación quedarán obrigadas ao seu cumprimento. A formalización terá lugar en escritura pública, segundo o previsto no presente.

12.- NOTIFICACIÓNS E PUBLICIDADE DA ADXUDICACIÓN.

A adxudicación do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase ás persoas adxudicatarias e demais persoas licitadoras. Se as persoas interesadas o solicitan, facilitaráselles información, nun prazo de quince días a partir da recepción da petición en tal sentido, dos motivos do rexeitamento da súa oferta e das características da proposición da/s persoa/s adxudicataria/s que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

A adxudicación será publicada no BOP, no perfil do contratante, na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello, nun prazo non superior a vinte días a contar dende a data de adxudicación do contrato.

Na resolución de adxudicación acordarase tamén a devolución das garantías ás persoas licitadoras non adxudicatarias conforme prevé a cláusula 6 do presente.

Todas as notificacións e comunicacións que realice a Administración practicaranse, no caso dos suxeitos aos que se refire o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común da Administracións Públicas, no enderezo de correo electrónico habilitado ao efecto. Tratándose das persoas físicas que non teñan a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, procederase a practicar todas as notificacións e comunicacións citadas no enderezo de correo electrónico habilitado ao efecto ou, no seu defecto, a través de correo certificado con acuse de recibo (anexo II).

13.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

